

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	9
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Infantil e Primaria ao contexto do centro é a seguinte:

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Infantil ao contexto do centro é a seguinte:

- Promover unha formación integral e de calidade para todo o alumnado.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións, ritmos e capacidades de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Ofrecer información, formación e axuda ás familias en relación coa educación dos seus fillos/as.
- Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.
- Promover a participación do profesorado en actividades de innovación pedagóxica e de formación.
- Facilitar a socialización e a coeducación .
- Continuar traballando hábitos de comportamento, hixiene, orde e limpeza co alumnado.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Educar no respecto pola natureza.
- Achegar ao alumnado á unha utilización responsable e moderada das ferramentas dispoñibles tanto na aula coma no centro.
- Participar nas actividades e conmemoracións organizadas polo centro.
- Iniciar aos nenos/as no uso funcional da lectura e da escritura.
- Realizar saídas didácticas para coñecer a contorna promovendo nos nenos/as o respecto e o coidado pola mesma.
- Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se requira da súa colaboración.
- Ofrecer espazos para ser, para estar e para facer.
- Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo.

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria ao contexto do centro é a seguinte:

- Facilitar a socialización, principalmente, entre o grupo de iguais e nos diferentes espazos e tempos de lecer, ocio e aprendizaxe.
- Favorecer o proceso de autonomía do alumnado, incidindo nunha progresiva confianza das seas capacidades e potenciando a iniciativa persoal.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como de actitudes encamiñadas a desenvolver un sentido crítico, a curiosidade, o interese, a participación e a creatividade nos procesos de ensino aprendizaxe.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, así como aprender a obrar de acordo con elas.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos que lles permiten desenvolverse con autonomía en diferentes ámbitos e grupos.
- Posibilitar o traballo en grupo respectando o ritmo e características individuais. Acoller a diversidade, entendéndoa como un elemento intrínseco ao ser humano.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo, idade, discapacidade e/ou procedencia.
- Favorecer e potenciar o uso apropiado da lingua galega e castelá, considerando as singularidades propias da zona como un elemento enriquecedor.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.
- Desenvolver a competencia matemática aplicando os contidos á vida práctica e cotiá do alumno/a.
- Coñecer aspectos básicos das ciencias da natureza e sociais, xeografía, historia e cultura.
- Coñecer e saber empregar o uso das novas tecnoloxías con sentido crítico na súa vida práctica e cotiá.
- Utilizar as diferentes representacións e expresións artísticas, tanto visuais como audiovisuais, como unha forma de expresión do ser humano.
- Aprender a coidar, respectar e observar a natureza así como o contorno e as relacións que se producen nel.
- Favorecer a integración no currículo dos temas transversais, especialmente aqueles que interfieren máis directamente no contexto vital do alumnado, é dicir, o traballo referido á coeducación, ao desenvolvemento das seas capacidades afectivas, á educación viaria e á adquisición de hábitos saudables, tanto hixiénicos, alimenticios e deportivos.
- Ser capaz de valorar a nosa cultura e todo o que a rodea.
- Promover unha formación integral e de calidade para todo o alumnado.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións, ritmos e capacidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

- Ofrecer información, formación e axuda ás familias en relación coa educación dos seus fillos/as.
- Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.
- Promover a participación do profesorado en actividades de innovación pedagóxica e de formación.
- Facilitar a socialización e a coeducación .
- Continuar traballando hábitos de comportamento, hixiene, orde e limpeza co alumnado.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Educar no respecto pola natureza.
- Achegar ao alumnado á unha utilización responsable e moderada das ferramentas dispoñibles tanto na aula coma no centro.
- Participar nas actividades e conmemoracións organizadas polo centro.
- Iniciar aos nenos/as no uso funcional da lectura e da escritura.
- Realizar saídas didácticas para coñecer a contorna promovendo nos nenos/as o respecto e o coidado pola mesma.
- Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se requira da súa colaboración.
- Ofrecer espazos para ser, para estar e para facer.
- Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo.

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria ao contexto do centro é a seguinte:

- Facilitar a socialización, principalmente, entre o grupo de iguais e nos diferentes espazos e tempos de lecer, ocio e aprendizaxe.
- Favorecer o proceso de autonomía do alumnado, incidindo nunha progresiva confianza das seas capacidades e potenciando a iniciativa persoal.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como de actitudes encamiñadas a desenvolver un sentido crítico, a curiosidade, o interese, a participación e a creatividade nos procesos de ensino aprendizaxe.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, así como aprender a obrar de acordo con elas.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos que lles permiten desenvolverse con autonomía en diferentes ámbitos e grupos.
- Posibilitar o traballo en grupo respectando o ritmo e características individuais. Acoller a diversidade, entendéndoa como un elemento intrínseco ao ser humano.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo, idade, discapacidade e/ou procedencia.
- Favorecer e potenciar o uso apropiado da lingua galega e castelá, considerando as singularidades propias da zona como un elemento enriquecedor.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.
- Desenvolver a competencia matemática aplicando os contidos á vida práctica e cotiá do alumno/a.
- Coñecer aspectos básicos das ciencias da natureza e sociais, xeografía, historia e cultura.
- Coñecer e saber empregar o uso das novas tecnoloxías con sentido crítico na súa vida práctica e cotiá.
- Utilizar as diferentes representacións e expresións artísticas, tanto visuais como audiovisuais, como unha forma de expresión do ser humano.
- Aprender a coidar, respectar e observar a natureza así como o contorno e as relacións que se producen nel.
- Favorecer a integración no currículo dos temas transversais, especialmente aqueles que interfieren máis directamente no contexto vital do alumnado, é dicir, o traballo referido á coeducación, ao desenvolvemento das seas capacidades afectivas, á educación viaria e á adquisición de hábitos saudables, tanto hixiénicos, alimenticios e deportivos.
- Ser capaz de valorar a nosa cultura e todo o que a rodea.
- Promover unha formación integral e de calidade para todo o alumnado.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións, ritmos e capacidades de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Ofrecer información, formación e axuda ás familias en relación coa educación dos seus fillos/as.
- Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.
- Promover a participación do profesorado en actividades de innovación pedagóxica e de formación.
- Facilitar a socialización e a coeducación .
- Continuar traballando hábitos de comportamento, hixiene, orde e limpeza co alumnado.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Educar no respecto pola natureza.
- Achegar ao alumnado á unha utilización responsable e moderada das ferramentas dispoñibles tanto na aula coma

no centro.

- Participar nas actividades e conmemoracións organizadas polo centro.
- Iniciar aos nenos/as no uso funcional da lectura e da escritura.
- Realizar saídas didácticas para coñecer a contorna promovendo nos nenos/as o respecto e o coidado pola mesma.
- Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se requira da súa colaboración.
- Ofrecer espazos para ser, para estar e para facer.
- Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo.

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria ao contexto do centro é a seguinte:

- Facilitar a socialización, principalmente, entre o grupo de iguais e nos diferentes espazos e tempos de lecer, ocio e aprendizaxe.
- Favorecer o proceso de autonomía do alumnado, incidindo nunha progresiva confianza das seas capacidades e potenciando a iniciativa persoal.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como de actitudes encamiñadas a desenvolver un sentido crítico, a curiosidade, o interese, a participación e a creatividade nos procesos de ensino aprendizaxe.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, así como aprender a obrar de acordo con elas.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos que lles permiten desenvolverse con autonomía en diferentes ámbitos e grupos.
- Posibilitar o traballo en grupo respectando o ritmo e características individuais. Acolle a diversidade, entendéndoa como un elemento intrínseco ao ser humano.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo, idade, discapacidade e/ou procedencia.
- Favorecer e potenciar o uso apropiado da lingua galega e castelá, considerando as singularidades propias da zona como un elemento enriquecedor.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.
- Desenvolver a competencia matemática aplicando os contidos á vida práctica e cotiá do alumno/a.
- Coñecer aspectos básicos das ciencias da natureza e sociais, xeografía, historia e cultura.
- Coñecer e saber empregar o uso das novas tecnoloxías con sentido crítico na súa vida práctica e cotiá.
- Utilizar as diferentes representacións e expresións artísticas, tanto visuais como audiovisuais, como unha forma de expresión do ser humano.
- Aprender a coidar, respectar e observar a natureza así como o contorno e as relacións que se producen nel.
- Favorecer a integración no currículo dos temas transversais, especialmente aqueles que interfiren máis directamente no contexto vital do alumnado, é dicir, o traballo referido á coeducación, ao desenvolvemento das seas capacidades afectivas, á educación viaria e á adquisición de hábitos saudables, tanto hixiénicos, alimenticios e deportivos.
- Ser capaz de valorar a nosa cultura e todo o que a rodea.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O nivel de desempeño das competencias clave esperado para o noso alumnado ao término da Educación Primaria é o seguinte:

Na competencia en comunicación lingüística:

- Interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente, adecuada e con corrección nos diferentes ámbitos e contextos cotiás do seu entorno persoal, social e educativo.
- Comprender, interpretar e valorar textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos nos diferentes ámbitos e contextos cotiás do seu entorno persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiás e para construír coñecemento.
- Localizar, seleccionar e contrastar información sinxela procedente de dous ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e a integra e a transforma en coñecemento para comunicala de forma creativa, crítica, persoal e respectando a propiedade intelectual.
- Ler obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, sendo quen de seleccionalas en función dos seus gustos e intereses; recoñecer a lectura como fonte de pracer e aprendizaxe, compartir a súa interpretación das obras lidas e

crear textos literarios a partir de modelos sinxelos.

- Poñer as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade dos dereitos das persoas.

Na competencia plurilingüe:

- Usar a lingua inglesa para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predecibles de maneira adecuada nos diferentes ámbitos e contextos cotiás do seu entorno persoal, social e educativo.
 - Respetar os perfís lingüísticos individuais e experimenta estratexias que lle permitan mediar e facer transferencias sinxelas entre distintas linguas.
 - Coñecer, respectar e valorar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, o que mellora a convivencia democrática.
- Na competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería:
- Desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos a fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.
 - Comprender e explicar o seu entorno natural e social, utilizando o pensamento científico, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada.
 - Realizar proxectos, de forma guiada, deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos.
 - Interpretar e transmitir os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada e en diferentes formatos. Aproveitar a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos de forma crítica, ética e responsable.
 - Participar en acción fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética, seguridade e sustentabilidade.

Na competencia dixital:

- Realizar buscas guiadas en internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información de forma crítica.
- Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais en distintos formatos mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza.
- Participar en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso.
- Coñecer o risco e adoptar medidas preventivas ao usar as tecnoloxía dixitais, coa orientación docente, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sostible.
- Iniciarse no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sostibles para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa solicitando axuda cando a precise.

Na competencia persoal, social e de aprender a aprender:

- Ser consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais, sendo quen de xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os propios obxectivos.
- Ser capaz de contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade, sendo quen de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolvendo estratexias para abordalas.
- Recoñecer o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora do seu aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados.
- Planear obxectivos a curto prazo, utilizando estratexias de aprendizaxe autorregulada e participando en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda.

Na competencia cidadá:

- Entender os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos a súa propia identidade e cultura, reflexionar sobre as normas de convivencia e aplicarlas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.
- Participar en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos.
- Reflexionar e dialogar sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar o entorno, de rechazar prexuízos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.
- Comprender as relacións sistémicas entre as accións humanas e o entorno, e iniciarse na adopción de estilos de vida sostibles, para contribuír á conservación da biodiversidade.

Na competencia emprendedora:

- Recoñecer as necesidades e retos que afrontar e elaborar ideas orixinais, utilizando destrezas creativas, sendo consciente das consecuencias e efectos que poidan xerar no entorno, propoñendo solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.
- Identificar fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento, iniciándose no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción.
- Crear ideas e solucións orixinais, planificar tarefas, cooperar con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade de aprender.

Na competencia en conciencia e expresións culturais:

- Recoñecer e apreciar os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre as distintas culturas e a necesidade de respectalas.
- Recoñecer e interesarse polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
- Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando co entorno e desenvolvendo as súas capacidades afectivas.
- Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os aspectos a ter en conta para o desenvolvemento correcto dos temas transversais no centro son os seguintes:

O coñecemento sobre os temas transvesais parte da experiencia vital e global do alumnado.

Os temas transversais tratarán de dar resposta a certas demanadas sociais conectadas co entorno da nosa Comunidade Educativa.

Deberán supoñer unha explicitación do currículo oculto.

Non se trata de crear novas materias, senon dun entramado de coñecementos, contidos actitudinais e habilidades a integrar os contidos do currículo.

Poñerán o acento sobre cuestións relevantes e problemáticas da nosa sociedade: consumo, alimentación, pantallas, saúde, medioambiente, igualdade, racismo, maltarto...

Promoverán visións interdisciplinares e globais.

Conectarán os feitos da vida cotiá de cada persoa (saúde, sexualidade, afectividade, autoestima...)

Estimularán unha metodoloxía participativa e cooperativa.

Favorecerán o compromiso e consenso sobre que valores educar, por que, como, onde, cando...

Os temas transversais serán a ponte entre os valores do Proxecto de Centro e á vida diaria no centro e afectarán positivamente ao clima de convivencia do entorno

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Os principios metodolóxicos que sustentan a nosa intervención educativa están baseados nunha metodoloxía didáctica comunicativa, inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste senso prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo, na medida do posible, o traballo colaborativo e en equipo.

A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, traballaremos para que o alumnado acepte positivamente as

diferenzas entre eles. A intervención educativa centrarase en educar a cidadás e cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola a súa vida diaria; por iso a aula será un lugar de encontro, na que o diálogo, o traballo en gran grupo e/ou a resolución de conflitos achegarase á realidade máis próxima do alumnado.

En relación as matemáticas o enfoque metodolóxico fundamentarase na manipulación, experimentación e contextualización.

As áreas lingüísticas traballarase de forma transversal, xa que as linguas tamén se traballan na área de matemáticas, no que atinxe á comprensión das situacións-problema, e nas materias de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais na comprensión dos diferentes conceptos, así como na elaboración de distintos produtos resultado do traballo dos distintos contidos destas materias a través de proxectos de investigación e as propostas realizadas polo Club de Ciencias. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. O enfoque a seguir para a ensinanza das linguas será un enfoque construtivismo, no que prima a linguaxe como ferramenta comunicativa, o que implica un estudo pormenorizado das distintas tipoloxías textuais a empregar, buscando sempre o seu uso social. As cuestións metalingüísticas abordaranse de xeito contextualizado e a poder ser como resposta ás necesidades que vaian xurdindo. Concretamente, e a priori, neste curso traballarase como tipos textuais, entre outros, o texto instrutivo e o texto literario. Os textos seleccionados para traballar en clase tratarán sobre temas que motiven os alumnos e alumnas. Utilizaremos textos de variadas características (autores diversos, rexistros diferentes, dificultade maior ou menor...) para que o noso alumnado teña máis posibilidades de desenvolver a súa competencia comunicativa. Estes textos serán estudados seguindo a estrutura de planificación de Myriam Nemerovsky.

Na aula traballaremos de tal maneira que podamos favorecer unha continuidade coas aprendizaxes desenvolvidas no curso anterior para ir progresivamente avanzando en contidos e diversidade de tarefas, co fin de que o alumnado adquira pouco a pouco unha maior autonomía e iniciativa no seu propio proceso de ensino-aprendizaxe.

Potenciarase o traballo manipulativo, con explicacións xerais e traballo en soporte escrito. Apoiaremos a adquisición de contidos con cancións ou vídeos con información relevante. En todo caso, buscarase sempre o mellor aproveitamento das tarefas, actividades e accións encamiñadas ao logro dos obxectivos propostos en cada caso.

Realizaranse tarefas integradas. Os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade, onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

A aprendizaxe baseada en proxectos é unha estratexia metodolóxica globalizadora que parte da necesidade e intereses do alumnado e as necesidades educativas. Esta estratexia de organización baseada no tratamento da información de xeito conxunto e no establecemento das relacións entre os diferentes tipos de contidos vai favorecer a construción do coñecemento asegurando que as aprendizaxes sexan significativas. Terase en conta para a realización do proxecto o tema proposto pola biblioteca escolar. Seguirase o seguinte esquema didáctico para desenvolvelo:

- Que nos interesa?
- Que sabemos xa sobre iso?
- Que queremos saber/facer?
- Que información precisamos?
- Onde buscamos a información?
- Como nos organizamos?
- Como avaliamos o proceso/resultado?

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

- Recursos matemáticos: os recursos matemáticos que se empregarán afondarán no seu carácter manipulativo, favorecendo así que o alumnado os poida coller, tocar e mover para poder familiarizarse con diferentes conceptos matemáticos como a numeración, a estimación, as operacións ou a resolución de problemas.
- Recursos lingüísticos: entre os recursos lingüísticos que se empregarán aparecerán diferentes exemplos reais de tipoloxías textuais de uso social.
- Recursos textuais: o material bibliográfico da biblioteca servirá de base para a aprendizaxe e será un recurso de consulta habitual para apoiar a adquisición de aprendizaxes. Así mesmo, facilitarase ás familias un listado de material

bibliográfico de interese que poida servir de referencia ao alumnado para a investigación e a adquisición da lectura, entre outras.

- Xogos didácticos e crebacabezas: o material lúdico servirá para reforzar as aprendizaxes e para tratalas dunha maneira máis distendida co alumnado.
- Taboleiros e paneis: a través destas ferramentas complementarase a información que se proporciona na aula e servirá de espazo común para recoller as investigacións que se realicen.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación: destacan os ordenadores de aula e o proxector, que servirá para complementar as explicacións en gran grupo.
- Outros materiais e espazos de centro: o material que temos para investigar e descubrir no patio e na contorna tamén son fundamentais nos procesos de ensino-aprendizaxe de aula. A aula non se limita ás catro paredes, senón que abrangue tamén outros espazos como corredores, patio e contorna, entre outros.
- Recursos persoais: o profesorado con dispoñibilidade horaria, as especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, así como outras especialistas de área, son fundamentais para desenvolver a proposta metodolóxica que se pretende a nivel de centro.

En 5º e 6º de Educación Primaria utilízase á plataforma dixital EVA dentro do programa E-DIXGAL, dende a mesma terase acceso a múltiples materiais dixitais e incidirase na busca de información así como no pensamento crítico á hora de xestionar a información.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Os criterios para o deseño das actividades complementarias son os seguintes:

- Que os obxectivos da actividade estean integrados no proxecto curricular.
- Que motiven ao alumnado tendo presente a idade e as características do grupo.
- Que a actividade sexa educativa.
- Colaborar cos titores/as na planificación das actividades complementarias e extraescolares, así como desenvolver actividades conxuntas co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co de Biblioteca.
- Que estean relacionadas cos obxectivos de etapa, de cada ciclo ou nivel. Existirán diversos tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade, establecendo actividades xerais de centro, nivel, área ou ciclo.
- Temporalizar as actividades planificadas organizándoas debidamente: datas de celebración, niveis ou ciclos participantes, necesidade de mestres colaboradores (especialistas), instalacións, materiais e recursos necesarios,...
- Proporcionar información ao alumnado e aos pais e nais sobre as actividades extraescolares a realizar, sendo necesario un documento de autorización da mesma para ter constancia de que están debidamente informados se a actividade se realiza fóra do recinto escolar.
- Que estean ubicadas nun tempo acorde coa programación, se é posible.
- Que a actividade sexa considerada como un día lectivo normal, dando continuidade as tarefas lectivas.
- Trataranse de actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas.
- Que non supoña un gasto excesivo para as familias.
- Evitar as distancias excesivas dende o centro escolar ao lugar de realización da actividade.
- Que a actividade consista en algo que os alumnos/as non fan ou ven normalmente.
- Que unha maioría de nenos/as realicen a actividade, establecéndose como norma xeral que asistan as 2/3 partes da clase, actuando con certa flexibilidade.
- O alumnado que non asista ten o dereito e o deber de acudir a clase, polo tanto, o profesor titor deixará traballo a estes alumnos/as. Dependendo do tipo de actividade e do número de nenos/as que non a realicen, decidirse entre os mestres do ciclo e o xefe de estudos o que no seu momento convén facer.
- Programaranse polo menos tres actividades ao longo do curso, unha por cada trimestre.
- Fomentarase o maior número de actividades conxuntas entre os distintos cursos.
- Elaborar unha memoria final coa avaliación das actividades realizadas (incluída na memoria de centro).
- Tomaremos como punto de partida as actividades que propón a Administración para a nosa planificación.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación será inicial continua e global e contemplarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida e adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ao mesmo. A avaliación debe superar o seu carácter cualificador e incrementar o seu carácter formativo, é dicir, que permita ir reflexionando sobre a mesma e ir adoptando medidas de compensación, novas ferramentas e/ou estratexias segundo se vaian requirindo.

O alumnado será partícipe do seu proceso de avaliación sendo informado dos procesos e dos criterios. Así mesmo, participará da avaliación dos seus logros mediante procedementos de autoavaliación ou de coavaliación.

Nos momentos de libre circulación o alumnado terá presente de forma visual a rúbrica, sabendo en todo momento que se pretende conseguir en cada zona deseñada.

PROMOCIÓN

- A promoción en 1º, 3º e 5º de primaria será automática.

- Alumnado que cursa 2º, 4º e 6º de primaria: Segundo a Orde do 26 de maio do 2023 ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente na sesión de avaliación final decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada polo equipo docente dese grupo, tendo en conta os criterios de promoción do centro e tomando en especial consideración o criterio da titora.

Para decidir sobre a promoción do alumnado realizarase unha valoración do desenvolvemento das competencias, tendo en consideración que teña alcanzado un mínimo grao competencial que lle permita acceder con éxito ao curso seguinte.

As referencias que permitirán valorar o nivel de adquisición das competencias por parte dos alumnos quedan establecidas, segundo cada proposta curricular, polos seguintes elementos: obxectivos de etapa, os criterios de avaliación.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións serán realizadas segundo os seguintes criterios:

- Atenderá ás características socioculturais, económicas da zona onde está ubicado o Centro.
- Tipoloxía, necesidades e características do alumnado: atención á diversidade
- Introducción da metodoloxía acordada no Proxecto Educativo do Centro.
- Organización de contidos para favorecer o desenvolvemento das competencias básicas.
- Deseño de actividades que partan dos intereses do alumnado e faciliten a participación do mesmo.
- Favorecerán un clima integrador, educativo positivo e facilitador.

As programacións didácticas incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Introducción.
2. Obxectivos de área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Relación de secuencias didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
4. Metodoloxía, que recollerá as:
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación, que abordará:
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade.

7. Transversalidade:

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

8. Práctica docente:

- Procedemento para avaliar o proceso da ensinanza e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Avaliaranse periodicamente as programacións en todo o seu conxunto, é dicir, as liñas xerais e cada un dos puntos que as integran. Avaliaranse coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios para dar resposta ás realidades que van evolucionando durante o curso escolar.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O CEIP Plurilingüe de Outes participa en numerosos proxectos, plans e programas organizados tanto por institucións públicas como privadas. Son numerosos os beneficios que atopamos nestas participacións: visibilidade do centro, dotación material e económica, formación para alumnado profesorado e familias...en definitiva, oportunidades para a comunidade educativa.

A participación do centro en estes proxectos, plans e programas terá que ser cando menos informado o Consello Escolar do centro que velará para que as propostas:

- Sexan acordes aos principios xerais do centro.
- Sexan coherentes coa liña metodolóxica do centro.
- Fomenten a participación da comunidade Educativa.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Trimestralmente a CCP revisará a concreción curricular e fará propostas de modificación sobre a mesma se fora necesario. Estas propostas de modificación serán informadas no Consello escolar do centro.

o) Outros apartados

1. Non existen